



Mentras estamos a contemplar tanto ferro, tanta curiosidade, D. Carlos recorda anécdotas referentes á procedencia do que ten almacenado. Chama a miña atención o escoitar algo sobre un “barco pirata”. Unha vez que voltamos a sentarnos, pregunto qué é eso do barco pirata.

- O tal barco entrou neste porto o día vinteseite de marzo de 1936 ás cinco do serán. Viñan a bordo cinco tripulantes e estiveron cáseque un mes por mor dunha avería. Máis de que fose pirata non teño noticias fidedignas. Eu, que contaba no momento con daceseis anos de idade, convivín con eles perante ese tempo e o único que aseguro é que eran ingleses moi tranquilos que alegraban o tempo en terra tomando viño do Priorato e tocando a guitarra ou cantando “Ramona” e “Valencia”. Logo voltaban ó barco sen meterse con ninguén. Eu non entendo o porqué de certa prensa escrita que comenzou a poñer titulares falando dun barco pirata. Por aquel entón en Madrid tiña dúas revistas chamadas ESTAMPA e a outra CRONICA. Pois ben, chegou a vir un reporteiro da primeira mentada que xa se editaba en color. Sacaron unhas fotografías e fixemos unhas declaracións, tanto meu pai como eu, decindo que non tiñan nada de piratas e que non sabíamos a qué se debía o alcume. Os titulares, pese a iso, falaban de “Barco pirata en Corcubiión”. Paréceme que era somentes froito dun estúpido sensacionalismo.

- Voltemos ó noso, Sr. Xoubanova. Logo de mirar tanto tornillo, tanta arandela, tanta barba de balea, tanta pedra, tantas e tantas cousas, un pregúntase se vostede é coleccionista de algo concreto ou colecciona canto lle cae diante.

- Nun principio non foi afán de coleccionista. Gardaba canto miraba por pura utilidade e grande escasez de todo. Ós poucos foi aparecendo o que agora é esa colección de tornillos. Pero aínda pasaron anos abonda ata conquistar tantos miles deles.

O que non lle mentei é que teño un bastón, co que camiño moi a miúdo, que pode

considerarse unha peza única. Levántase e vai en busca do que amosa cheo de ledicia. Aínda que está traballado con delicadeza, perfectamento recto e non ten demasiado corpo, pesa bastante. O puño está feito cun colmillo de cachalote que na súa parte máis grosa amosa a talla da cabeza dunha balea. O bastón, propiamente dito, está feito cun oso dunha balea). Esto foi un obsequio que recibín moitos anos atrás.

-¿Cómo era antes a vida nesta vila mariñeira?

- Moi diferente á de hoxe. Eu recordo de sempre a Corcubiión e a súas xentes como tranquilos, pacíficos e cultos. Os contactos que entón se tiñan eran, en verdade, universales. Nesta ría houbo veces que podían



D. Carlos Xoubanova vale tanto para un roto como para un descosido. Velaí co temos preprando unha sardiñada